

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 20 DE XULLO POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS PARA A O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS GALEGOS, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2023 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT207A).

Con data marzo do 2021 foi aprobado o Plan de impulso ao sector audiovisual “España, Hub audiovisual de Europa”, como un dos eixos da Axenda España Dixital 2025, coa finalidade de impulsa a produción audiovisual, a atracción de investimento e actividade económica e o reforza das empresas e profesionais do sector mellorando a súa competitividade, co reto de incrementar a produción audiovisual nun 30% para o ano 2025.”

A Comisión Sectorial de Asuntos Culturais, na súa reunión do 13 e 18 de xullo de 2023, tratou na orde do día para a elevación ao Pleno da Conferencia Sectorial de Cultura a proposta dos criterios para o reparto entre as comunidade autónomas, Ceuta e Melilla dun crédito destinado ao financiamento de axudas para a creación de guións e desenvolvemento de proxectos. Esta proposta foi aprobada polo Pleno

En cumprimento do acordado no Pleno da Conferencia Sectorial celebrada no mes de xullo de 2023, con data 13 de novembro do 2023, o Director Xeral do Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuais, asinou a Resolución pola que se transfiren os créditos ás CCAA destinados á xestión das axudas á escritura de guións e desenvolvemento de proxectos audiovisuais no ano 2023.

Nesta Resolución do Director Xeral do Instituto de Cinematografía das Artes Audiovisuais realízase o desglose das transferencias atendendo ás comunidades autónomas, receptores e importe a percibir, correspondéndolle á Agadic, como representante da Comunidade Autónoma de Galicia, a achega de 770.857,24 euros.

A Axencia Galega das Industrias Culturais ten publicada unha liña de axudas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais galegos (código de procedemento



CT207B), por importe de 300.000 euros da aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770.0 dos códigos de proxecto 2010 0005 financiada con fondos propios e que se incardina no Plan Estratéxico de Galicia

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2015 0003		
Eixo	E4	Cohesión social e territorial
Prioridade de actuación	PA03	Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.
Obxectivo estratéxico	OE	Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global dixitalizado.
Obxectivo operativo	0002	Fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas galegas

Non obstante esta liña de axudas se adapta aos criterios e finalidades que persegue o aprobado na devandita Conferencia Sectorial de Cultura e que se describe na Resolución do ICAA, porén, no momento da publicación desta liña de axudas, non estaba iniciada a tramitación administrativa da transferencia de crédito nin determinado o importe asignado á Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data 14 de novembro recíbese a Resolución do ICAA e procédese á tramitación da xeración do crédito.

Con data 23 de novembro de Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública autoriza a ampliación do crédito por



importe de 500.000 euros na aplicación 10.A1.432B.770 código de proxecto 2023 00003 e remítese o MICI procedéndose á súa contabilización.

Esta circunstancia permite incrementar o financiamento da liña de axudas publicada por Agadic no Diario Oficial de Galicia núm. 151, ao abeiro da Resolución do 20 de xullo de 2023 para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais galegos (código de procedemento CT207B), xa que os seus obxectivos se adaptan perfectamente aos criterios, condicións e finalidades que persegue o acordo da Conferencia Sectorial de Cultura e a Resolución do Director Xeral do ICAA.

Desta forma, para poder utilizar os fondos xerados para a finalidade prevista cómpre a modificación da fonte de financiación da liña de axudas xa convocada nas anualidades 2023 e 2024, así como un reaxuste xeral de anualidades afectado polo incremento proposto e a inclusión de novas obrigas aos adxudicatarios no que atinxe á publicidade e difusión das actuacións efectuadas con cargo á axuda concedida.

Polo exposto, propónse a modificación do crédito total destinado á convocatoria da liña de axudas, da fonte de financiación, así como unha nova redistribución das anualidades, reflectida no cadro de financiamento. Cómpre tamén realizar unha modificación para a inclusión de novas obrigas no que atinxe á publicidade e difusión das actuacións que se vaian a efectuar, en caso de resultar beneficiarios, con cargo á axuda concedida.

O cadro de financiamento que se propón é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	Anualidade	Código de proxecto	Fonte de financiamento	Importe
10.A1.432B.770.0	2023	2023 00003	Fondos finalistas do Estado	100.000
	2024	2023 00003		400.000
TOTAL				500.000 €

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN, PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
T. 881 99 60 77 / 78
agadic@xunta.gal / www.industriasculturais.xunta.gal

